



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE MOS PARA REALIZAR A REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA REITORAL DE PETELOS, FASE 3, ACTUACIÓN 1: MUROS, MOS (PONTEVEDRA).

11 de xullo de 2025

Don José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Dona Nidia María Arévalo Gómez, con DNI ----- en calidade de alcaldesa do Concello de Mos, con CIF P3603300I, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo.- Que o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda ás entidades que integran a Administración local a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Terceiro.- A antiga casa reitoral de Petelos é, sen dúbida, un dos edificios de máis valía patrimonial do concello de Mos. Este inmovible está protexido polo seu valor cultural ao estar recollido na ficha A_067 do catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mos do 18.01.2017Es (BOP 2.06.2017) en aplicación do artigo 30 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Tamén está recollido no catálogo do Plan Básico Autonómico co COD_IMPRESIÓN Mos_65390.

Por conservar restos dunha antiga torre fortificada, que é un ben propio da arquitectura defensiva, en aplicación do artigo 88.1.a) da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia e do Decreto de 22 de abril de 1949 sobre a protección dos castelos españois, tería a consideración de ben de interese cultural (BIC). Está datada no século XV e é de estilo gótico. O edificio principal de planta rectangular, amosa acaroadada unha torre de tres alturas, levantada en perpiaño perfectamente labrado e escuadrado, goredada baixo unha cuberta a catro augas. Este volume presenta un balcón voado (pouco ostentoso) no andar máis elevado e orientado ao sur.

A fachada do edificio de menor tamaño aparece enmarcada entre piastras de orde dórica que ocupan os ángulos da edificación. Os muros desta amósanse integramente encalados co obxecto de ocultar a peor calidade da súa plementería. O frontis do edificio de menor altura presenta unha serie de ocos equidistantes dispostos de maneira simétrica: unha porta de acceso no andar terreo e dúas xanelas no piso superior.

De planta rectangular, o edificio principal amosa adosada unha torre de tres alturas, levantada en perpiaño perfectamente labrado e escuadrado, goredida baixo unha cuberta a catro augas. Este volume presenta un balcón voado (pouco ostentoso) no andar máis elevado e orientado ao sur.

A fachada do edificio de menor tamaño aparece enmarcada entre pilastras de orde dórica que ocupan os ángulos da edificación. Os muros desta amósanse integramente encalados co obxecto de ocultar a inferior calidade da súa plementería. O frontis do edificio de menor altura presenta unha serie de ocos equidistantes dispostos de maneira simétrica: unha porta de acceso no andar terreo e dúas xanelas no piso superior.

Cuarto.- A reconfiguración da antiga casa reitoral de Petelos xorde ao abeiro do convenio entre a Diocese de Tui-Vigo e o Concello de Mos para a súa rehabilitación. Inicialmente leváronse a cabo obras no inmovible coa finalidade de adaptar unha parte del para un Centro de día. Neste momento non ten este uso e adícase para outros usos municipais.

As obras estanse levando a cabo en diferentes fases. Actualmente conta coa torre totalmente rehabilitada e a nave norte, a nave leste de dúas alturas e a nave oeste a nivel do patio interior da construción. Debido á falta de uso despois da rehabilitación, será preciso renovar algún elemento de carpintería que se levará a cabo nesta última fase para mellorar as condicións hixiénicas no interior do inmovible.

É preciso ampliar as instalacións dos servizos municipais e mellorar os espazos tanto interiores coma exteriores dando continuidade ás actuacións xa executadas para poñer en valor o edificio da antiga casa reitoral e a súa contorna.

Quinto.- Esta fase de intervención consistirá de xeito resumido en:

- Limpeza, saneado e reconstrución do muro exterior da parcela e control dos accesos na entrada peonil ao sur e a rodada ao oeste; incluso colocación de portas de acceso de madeira maciza, unha cancela e varanda metálicas.
- Reconstrución de parte da coroación dos muros perimetrais que actualmente están caídos. Tamén se eliminarán pedras acopiadas nunha porta de acceso situada no muro oeste do patio.
- Para favorecer o paso dende a zona de aparcamento no extremo norte da parcela ate o acceso principal ao patio polo linde sur, abrírase unha sección no muro que xera un paso peonil polos futuros xardíns da parcela. O tramo de muro a demoler non está trabado co muro do recinto da casa reitoral, onde se atopa a porta principal, polo que esta intervención pretende dar maior entidade ao recinto primitivo, e favorece o uso e desfrute da totalidade do terreo circundante. Para rematar o muro neste novo paso empregárase unha peza de granito labrada. O desnivel coa parcela salvarase mediante chanzos de pedra labrada.
- Dentro da rehabilitación e posta en valor dos muros, e aproveitando os traballos no perímetro exterior, colocárase iluminación exterior integrada no pavimento.
- Pequena actuación de acondicionamento do xardín mediante a mellora da vexetación.

Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o concello de Mos acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e xustificación da non concorrencia competitiva.

1. É obxecto do presente convenio o establecemento da colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Mos para a realización das obras de rehabilitación da Antiga Casa Reitoral de Petelos, Fase 3, Actuación 1: Muros, Mos (Pontevedra).



2. Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural conta anualmente cunha programación de convenios que se plasma a través da elaboración do Plan Estratéxico de convenios. Esta Consellería entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto deste convenio, de xeito que se garanta a rehabilitación da Antiga Casa Reitoral de Petelos, no concello de Mos. Actuación que se inclúe no Plan Estratéxico para a conservación e a restauración do patrimonio cultural de Galicia, plan de convenios e intervencións 2021-2030, no obxectivo operativo segundo: conservar o patrimonio cultural galego, nas medidas referidas ao patrimonio inmovible: PO02C/2.1.1.7PE Conservación do patrimonio eclesiástico galego e PO01C/2.1.1.5.AD Conservación da arquitectura defensiva, dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos.

Tamén se suma a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o concello de afrontar en solitario os compromisos económicos que supoñen estas actuacións.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, xa que o concello é a única entidade que pode levar a cabo o obxecto deste convenio.

Segunda.- Orzamento e financiamento.

Resumo do orzamento das obras.

A estimación do orzamento total da obra é de 200.000,00 € (IVE incluído), coa seguinte

desagregación: Traballos previos, movementos de terra	21.711,87 €
Cantería. Fábricas. Cubertas.....	87.773,22 €
Instalacións.....	22.027,89 €
Carpintería de madeira e metal.....	4.259,90 €
Xestión de residuos.....	919,74 €
Seguridade e saúde.....	1.385,51 €
Xardiñería.....	820,40 €
Total execución material (PEM).....	138.898,53 €
Gastos xerais 13%.....	18.056,82 €
Beneficio industrial 6%.....	8.333,91 €
Suma.....	165.289,26 €
IVE 21%.....	34.710,74 €
Orzamento total da obra.....	200.000,00 €

Achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude: gastos subvencionables por anualidades.

A obra a desenvolver ao abeiro deste convenio na antiga casa reitoral de Petelos será a derivada do proxecto técnico achegado polo Concello de Mos e autorizado pola DXPC.

O importe da subvención máxima para a execución desta intervención é de 200.000,00 € que será financiada con cargo á aplicación 13.04.433A.760.0, código de proxecto 2015 00380 dos Orzamentos da Xunta de Galicia para os anos 2025 e 2026.



Este importe máximo da subvención inclúe o custo do presuposto de contrata da obra calculado a partir do presuposto de execución material desta incrementado polos seguintes coeficientes considerados como máximos: 13% de gastos xerais e 6% de beneficio industrial e o 21% correspondente ao IVE segundo o tipo impositivo vixente e a previsión dun posible incremento pola certificación final das obras realmente executadas como resultado da súa medición final sempre que non supere o 10% do prezo de adxudicación destas.

En calquera caso, a achega máxima da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude será de 200.000,00 € distribuída en dúas anualidades (2025 e 2026) segundo o seguinte cadro, sendo a cargo do beneficiario calquera importe que supere a cantidade citada:

ANO	IMPORTE	%
2025	100.000,00 €	50
2026	100.000,00 €	50
TOTAL	200.000,00 €	100

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do obxecto deste convenio, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

Prevese que poidan realizarse pagos parciais contra gastos debidamente xustificadas das certificacións da obra. En todo caso deberá xustificarse o gasto que corresponde a cada anualidade antes do 1 de decembro.

En todo caso consideraranse gastos subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia, que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

Terceira.- Gastos subvencionables.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordadas co seu obxecto, incluso aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cuarta.- Obrigas das partes.

1. O Concello, como entidade beneficiaria da subvención da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, asume as seguintes obrigas:

- Contratar as empresas especializadas e os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.
- Executar, no prazo de vixencia do convenio, a inversión obxecto deste.



- Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e ao resto das administracións competentes, os informes, as autorizacións e licenzas preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.
- O beneficiario consinte expresamente na inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 de la Lei de subvencións de Galicia.
- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice da obra, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia e do resto das partes, como entidades colaboradoras e en especial no cartel no que se dea información das obras. É dicir, no cartel de obra aparecerá tanto a imaxe institucional da Xunta de Galicia coma o importe económico que achega esta entidade.
- Contratar e promover a execución das obras conforme ao proxecto de intervención redactado con este obxecto, que deberá contar coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), e conforme ás determinacións e cautelas a prol da salvagarda do patrimonio cultural que conteña a resolución pola que se autorizan as obras.
- Contratar ás persoas competentes que se vaian encargar da dirección facultativa das obras (dirección de obra, dirección de execución material das obras e coordinación de seguridade e saúde).
- Comunicar á DXPC a data de inicio e recepción das obras para comprobar a adecuada xustificación da subvención aos efectos do previsto no art. 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificar, en tempo e forma, de acordo coa forma indicada no convenio, os gastos realizados ao abeiro do mesmo.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
 - b) Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula sétima deste convenio.
 - c) Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d) No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e) Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f) Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio e coa presentación da documentación xustificativa, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario e que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co

disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En todo caso as certificacións poderán substituírse por unha declaración responsable, ao abeiro do disposto no artigo 11 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

- Acreditar ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- Enviar á DXPC, unha vez finalizada a intervención, a memoria final da intervención na que se documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en todas e cada unha das fases das obras e para todas as disciplinas aplicadas, conforme determina o artigo 43.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

2. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.



A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursoas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento.

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o concello de Mos deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do procedemento PR004A, da seguinte documentación:

- a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - a.1. O cumprimento da finalidade da subvención.
 - a.2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- b) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- c) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmoables.
- d) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
- e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- f) Documentación acreditativa da publicidade do outorgamento da subvención pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para a realización do obxecto do presente convenio.



g) Memoria final da intervención de acordo co previsto no art. 43 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia. Esta memoria, ademais de recoller todos aqueles aspectos relacionados coa intervención do elemento protexido, incluírá o seguinte:

g.1. Memoria final da obra realmente executada, debidamente autorizada polo director das obras e polo promotor. Comprenderá todos aqueles documentos do proxecto que fosen modificados durante a execución da obra.

g.2. Documentación fotográfica da obra (estado previo, desenvolvemento e obra rematada). A copia en soporte dixital incluírá as fotografías en formato .jpg das que, a lo menos haberá fotografías xerais do edificio coa obra rematada.

Así mesmo acreditarase a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.

2. O órgano concedente da subvención poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

3. De conformidade co artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou gozo da subvención.

A estes efectos, o concello deberá comunicar á consellería a data de recepción das obras para o efecto de que envíe ao seu representante, que estará presente para o efecto do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario. A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de xeito razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

4. As datas límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención remata o 30 de novembro de cada ano respectivamente.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

6. A cantidade máxima que se obriga a aportar a Consellería de Cultura, Lingua e Universidade reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total, sempre que se cumpra co seu obxecto.

Novena.- Efectividade dos pagamentos.

1. De conformidade co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 2 de outubro) e para os efectos do establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

2. Sen prexuízo do anterior, o concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente, mediante xustificante de transferencia bancaria, a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes á actuación subvencionada no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención concedida.

Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.

3. O xustificante da transferencia bancaria estará debidamente identificado e selado pola entidade bancaria, agás que o pagamento se realice mediante banca electrónica. Neste caso, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado electronicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria.

Décima.- Pagamentos anticipados.

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% de cada unha das dúas anualidades, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. De ser o caso, para acceder o libramento do anticipo correspondente á anualidade de 2026, será necesario ter xustificado de conformidade o anticipo correspondente á anualidade de 2025.

Coa solicitude de anticipo, o concello terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.

Décimo primeira.- Perda do dereito ao cobramento da subvención.

1. Producirase a perda do dereito do concello de Mos ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade local beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixidas na cláusula sexta deste convenio.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos que o impliquen, considéranse incumprimentos das condicións establecidas para a concesión os seguintes:

- Non realizar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.

- Incumprimento da normativa de aplicación no ámbito local en materia de bens das entidades locais, da normativa en materia de patrimonio e/ou de contratos das administracións públicas no que resulten de aplicación.

- Incumprimento das obrigas de publicidade establecidas no presente convenio.

Décimo segunda.- Facultades de inspección.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo terceira.- Comisión de seguimento.

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e dúas persoas representantes do Concello.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.

Décimo cuarta.- Causas de resolución e modificación do convenio.

1. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

3. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Consellería, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o concello beneficiario da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.

b) Orzamento ou proxecto modificado.

c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo quinta.- Vixencia do convenio.

O prazo de vixencia que se propón para o convenio é desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. Sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas desde o 1 de xaneiro de 2025, e sen prexuízo da posibilidade de prórroga para o completo desenvolvemento dos seus fins, se fora preciso, nos termos e tendo en conta os límites regulados respecto da duración dos convenios, polo artigo 49,h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Entendendo que o prazo máximo para a xustificación dos gastos realizados ao abeiro do mesmo remata o 30 de novembro de cada ano respectivamente.

Décimo sexta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1. Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo sétima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo oitava.- Protección de datos persoais.



As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo novena.- Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, A alcaldesa do Concello de Mos

José Carlos López Campos

Nidia María Arévalo Gómez



ANEXO I

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dna _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

A) Que para a seguinte actuación _____, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación:

AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS

Table with 4 columns: ORGANISMOS, ANO, IMPORTE (€), DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS

Table with 4 columns: ORGANISMOS, ANO, IMPORTE (€), DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se acha incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, ____, de ____ de 2025



ANEXO II

Don/Dña _____
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)



ANEXO III

DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dña _____,
con DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARO BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade local á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito de control: (2 díxitos)
- Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)